



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Vigo. Parroquias: Santa Baia de Alcabre ao norte e San Paio de Navía ao sur. Extensión: 1,96 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Amplio complexo sedimentario areoso entre a desembocadura do Río Lagares ao sur e a Punta de Muíño ao norte. Destaca polas súas dimensións a praia de Samil que ocupa aproximadamente uns dous terzos da franxa costeira, limitando ao norte cunha serie de pequenos areais entre puntas graníticas de perfil acantilado e de pouca potencia. A prolongación continental da unidade está formada por unha estreita chaira costeira á que segue a vertente granítica de suave pendente.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aínda que as granodioritas con megacristais feldespáticos, que forman parte dos granitoides de afinidade alcalina en fase precoz, son dominantes nesta unidade, existen dúas bandas de granitos de afinidade alcalina (granito con feldespato alcalino) que as atravesa de sur a norte: unha chega practicamente á Punta do Muíño, mentres que a outra ocupa o sueste da unidade. Sobresaen os campos dunares e as masas de area de praia depositadas ao redor da Enseada de Samil. Os primeiros prolónganse cara ao norte ata alcanzar a praia de Fontes.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O complexo sedimentario de Samil forma parte do dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual por enriba de 15° C e precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos e háplicos no extenso areal do complexo sedimentario de Samil. A vertente pola súa parte está formada por solos evolucionados de tipo cambisol dístrico que alternan con sectores de antrosoles asociados á presión urbanística derivada do turismo.

AS AUGAS

A orientación do relevo da unidade non permite o desenvolvemento dunha rede hidrográfica ben estruturada; tan só algúns pequenos arrosos se dirixen á praia de Samil formando suaves valgadas no terreo. A masa de Augas Costeiras que bañan esta unidade correspóndese coas de Vigo no extremo norte da praia (20175), e coas de Illa Toralla no sur (20159).

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte costeira sedimentaria con praias de grandes dimensións, especialmente a de Samil, separadas por pequenas puntas rochosas. Existen dunas remontantes en Punta de Samil, bastante degradadas e que desenvolverían os hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. A praia de Samil perdeu baixo a urbanización do litoral o seu cordón dunar. No interior, como unha illa no marasmo urbanístico-residencial, aparece unha alongada masa arborizada mixta con importancia das frondosas autóctonas, entre As Pertegueiras e Samil, a ambos os dous lados da Avenida de Europa; ademais doutra similar, na Barroca, tamén a ambos os dous lados desta vía principal de comunicación. Son formacións que presentan certo carácter ripícola (91E0) nun lugar horizontal con afloramento hídrico estacional. O piñeiral de Samil, tendo en conta o seu desenvolvemento sobre manto eólico, podería ser adscrito ao hábitat 2270, Dunas con bosques de Pinus pinea e/ou Pinus pinaster, neste caso a segunda especie.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta unidade atópase encravada na periferia urbana de Vigo, feito que vai condicionar de xeito significativo o tipo e o modo de aproveitar o espazo. Predominan os espazos artificiais constituídos por urbanizacións de chalés pegados (na súa maioría) e vivendas illadas ligadas a un uso residencial e de vacacións totalmente desvinculadas dos labores do campo. Entre eles localízanse pequenos espazos verdes formados por masas arbóreas mixtas e bosques de repoboación (esencialmente piñeiro) que aparecen salpicando a unidade xunto con antigas parcelas de cultivo hoxe ocupadas por matogueiras.

MORFOLOXÍA

Esta unidade de paisaxe acolle o crecemento urbanístico da cidade de Vigo cara ao oeste. Enmarcada polo recheo de Bouzas, o Primeiro Cinto viario, as instalacións de Citroën, o recente polígono residencial de Navía e a desembocadura do río Lagares, esta área convértese nun dos principais focos de actividade terciaria e de ocio da cidade, o que ten moito que ver co feito de que o areal de Samil é, dada a súa dimensión e debido á total ocupación da fronte costeira central, a principal praia urbana de Vigo. Esta circunstancia, xunto co característico crecemento difuso e de baixa densidade de Vigo, configuran a zona de Samil como un mosaico de gran fino pero moi denso, no que dominan as vivendas unifamiliares en convivencia con pequenas zonas arborizadas e restos testemuñais do primitivo tecido agrario. A franxa máis próxima á praia acolle edificacións residenciais e terciarias de maior volume, pero a pesar de todo, esta unidade presenta unha menor heteroxeneidade que outros ámbitos do agregado urbano de Vigo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Dende o núcleo urbano de Vigo parten unha serie de estradas de ámbito local encargadas de comunicar o centro cos espazos circundantes, en especial, coa costa. Unha ampla avenida (Avenida de Europa) comunica a cidade con esta zona para unirse, na praia, á Avenida de Samil que discorre paralela á costa. A partir destas dúas vías principais artículanse unha serie de estradas de ámbito local que permiten o desprazamento por toda a unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Dentro desta unidade destaca na punta de Alcabre, unha antiga fábrica conserveira hoxedía recuperada como Museo do Mar. Da arquitectura civil figura a casa das Palabras. E como único representante do patrimonio arqueolóxico encontramos o castro da Punta do Muíño de Vento.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Samil é a praia urbana de Vigo, e polo tanto o seu ámbito configúrase como o litoral lúdico da cidade, en contraste coa fachada costeira do centro, ocupada por instalacións portuarias na súa práctica totalidade. A relativa separación do centro urbano librouna, ata certo punto, de implantacións de maior calado, especializándose nos usos residencial unifamiliar e terciario. Estas circunstancias converten a área de Samil nun ámbito cunha clara vocación de acoller futuros desenvolvementos de calidade, capaces de completar a estrutura urbana desta parte da cidade pero sen perder os seus atractivos paisaxísticos.

DINÁMICA DA PAISAXE

Dende a segunda metade do século pasado este espazo sufriu un intenso proceso de transformación, como consecuencia do abandono das prácticas agrarias tradicionais e a sucesiva introdución de novos usos directamente relacionados coa segunda residencia, o ocio e o turismo. O carácter focalizador da praia de Samil maniféstase na importancia que adquire a estrada da costa e, especialmente, na apertura da avenida Europa, que fractura a unidade transversalmente para desembocar directamente no centro da praia. A execución de instalacións deportivas, dotacionais e hoteleiras introduciu elementos de textura máis grosa, aínda que non se converteron no factor dominante.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A periferia difusa de Vigo adquire en Samil un carácter particular, no que o mosaico de usos residenciais de baixa densidade cos restos do tecido agrario tradicional ofrece un valor paisaxístico considerable, que en calquera caso suxire formas de organización orientadas a unha alta calidade de vida. Este valor paisaxístico reside en elementos puntuais e seguramente por iso moi fráxiles, como os pequenos bosquetes, as visuais cruzadas entre puntos de maior cota e as perspectivas abertas cara á franxa litoral, así como na potenciación de fitos de referencia, como o Museo do Mar. En todo caso a fronte litoral mantén a condición e a imaxe propias da praia máis urbana da maior aglomeración de Galicia. Destacar o Cabo do Mar como un espazo onde se aprecia unha ampla panorámica da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



